

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0QG	<i>Expediente</i> CON/54/2015	<i>Fecha</i> 13-05-16 14:01

Destinatario

Número 22 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do Lote II do Subministro mediante renting de oito vehículos monovolume e un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela, e deixar deserto o Lote I.

15078DCMG10I0QG6



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 13 de maio de 2016 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 22 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO LOTE II DO SUBMINISTRO MEDIANTE RENTING DE OITO VEHÍCULOS MONOVOLUME E UN VEHÍCULO TODOTERREO PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, E DEIXAR DESERTO O LOTE I.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 26 de abril de 2016, do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, nº 2016/230 de data 10 de maio de 2016.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Xan Duro Fernández**, concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia, e presidente da mesa de contratación da licitación "Subministro mediante renting de oito vehículos monovolume e un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0QG	<i>Expediente</i> CON/54/2015	<i>Fecha</i> 13-05-16 14:01

Primeiro: Con data 5 de abril de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas tanto para o LOTE I como para o LOTE II é a do licitador BANCO DE SANTANDER SA.

Segundo: Con data 7 de abril, a mesa de contratación acorda deixar sen efecto a antedita proposta de adxudicación, ó non estar o licitador BANCO SANTANDER SA ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de abono de sancións con este Concello, procedendo, polo tanto, requerir o cumprimento dos trámites preceptivos á seguinte oferta en orde de puntuación para o LOTE II, que resulta ser a empresa PATRIMONIAL FERANPE SL, non existindo máis ofertas admitidas para o LOTE I.

Terceiro: Finalmente, con data 21 de abril, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa BANSABADELL RENTING SL para os lotes I e II por ofertar un prezo por quilómetro non consumido por debaixo do tipo mínimo fixado no prego de aplicación, debendo realizarse as ofertas á alza. Así mesmo, e no que respecta ao prazo de entrega do lote II, esta empresa ofrece 15 semanas, sendo así que o máximo establecido no prego é de 3 meses.

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa ANDACAR 2000 SA para o lote I, ó ofertar un cambio manual para os vehículos, cando o prego esixe o cambio automático como requisito mínimo imprescindible.

TERCEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa BANCO SANTANDER SA para os lotes I e II, ó non estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de abono de sancións con este Concello.

CUARTO: Deixar deserta a licitación polo que respecta o LOTE I (oito vehículos monovolumen) ante a ausencia de ofertas admisibles e adxudicar o LOTE II (un todoterreo) do contrato de referencia a favor da empresa **PATRIMONIAL FERANPE SL**, por un importe de **53.328**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0QG	<i>Expediente</i> CON/54/2015	<i>Fecha</i> 13-05-16 14:01

euros (IVE aparte 21%: 11.198,88 euros), ó ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Oferta tamén un importe de abono por quilómetros anuais non consumidos do vehículo de 0'045 euros e de cargo por quilómetros realizados de máis sobre os estimados de 0'048 euros (o que suporá un gasto adicional máximo anual de 290'40 euros IVE incluído).

Así mesmo, compromete a instalación no vehículo dun sistema bluetooth para teléfono móbil.

Designase como responsable do contrato a D. José Rey Camino, xefe do parque móbil municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13200 20400**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 8.211'06 euros.
Anualidade 2017: 16.422'12 euros.
Anualidade 2018: 16.422'12 euros.
Anualidade 2019: 16.422'12 euros.
Anualidade 2020: 8.211'06 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa BANSABADELL RENTING SL para os lotes I e II por ofertar un prezo por quilómetro non consumido por debaixo do tipo mínimo fixado no prego de aplicación, debendo realizarse as ofertas á alza. Así mesmo, e no que respecta ao prazo de entrega do lote II, esta empresa ofrece 15 semanas, sendo así que o máximo establecido no prego é de 3 meses.

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa ANDACAR 2000 SA para o lote I, ao ofertar un cambio manual para os vehículos, cando o prego esixe o cambio automático como requisito mínimo imprescindible.

TERCEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa BANCO SANTANDER SA para os lotes I e II, ao non estar ao corrente no

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0QG	<i>Expediente</i> CON/54/2015	<i>Fecha</i> 13-05-16 14:01

cumprimento das súas obrigas tributarias e de abono de sancións con este Concello.

CUARTO: Deixar deserta a licitación polo que respecta o LOTE I (oito vehículos monovolumen) ante a ausencia de ofertas admisibles e adxudicar o LOTE II (un todoterreo) do contrato de referencia a favor da empresa **PATRIMONIAL FERANPE SL**, por un importe de **53.328 euros** (IVE aparte 21%: 11.198,88 euros), ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Oferta tamén un importe de abono por quilómetros anuais non consumidos do vehículo de 0'045 euros e de cargo por quilómetros realizados de máis sobre os estimados de 0'048 euros (o que suporá un gasto adicional máximo anual de 290'40 euros IVE incluído).

Así mesmo, compromete a instalación no vehículo dun sistema bluetooth para teléfono móbil.

Desígnase como responsable do contrato a D. José Rey Camino, xefe do parque móbil municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13200 20400**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

Anualidade 2016: 8.211'06 euros.
Anualidade 2017: 16.422'12 euros.
Anualidade 2018: 16.422'12 euros.
Anualidade 2019: 16.422'12 euros.
Anualidade 2020: 8.211'06 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández